

Néboa Medicambiente

PAXARIÑOS, PAXARIÑOS E MÁIS PAXARIÑOS

De que vai este libriño?

O que tes nas túas mans pode ser unha unidade didáctica dirixida a mestres e educadores ambientais.

Pero tamén pode ser unha pequena guía para aqueles nenos e adultos que queiran aprender sobre o mundo das aves.

Quen fixo isto?

Este traballo xurde no seo da asociación ecoloxista Néboa Medio Ambiente despois de máis de trinta anos adicados a fomentar o coñecemento do medio natural entre a xente nova, e da man dunha mestra que no seu traballo diario nos centros educativos intenta levar a natureza e o medio ambiente ó interior da súa aula.



Por que o fixemos?



Cando chega a época da celebración da Candelaria, especialmente, pero tamén noutros momentos do curso escolar, moitos compañeiros mestres de primaria acoden a min en particular, e á asociación Néboa vía mail ou teléfono, en busca de ideas e materiais cos que poder abordar o traballo sobre a festa e as aves nas súas clases. A recuperación desta festa tradicional galega nos últimos anos parécenos en Néboa unha magnífica oportunidade para adentrar aos máis pequenos no coñecemento das aves da súa contorna máis inmediata e conectalos coa sabedoría que nos transmitiron os nosos maiores en forma de refráns e tradicións. Pero calquera data é boa para comezar, o outono, no que se produce a migración de moitas aves, a primavera porque as aves están especialmente activas, o Día Mundial das Aves a primeiros de outubro,

A quen temos que agradecer este libriño?

Primeiro que nada aos voluntarias da asociación Néboa que durante estes anos foron aportando o seu graíño de area en forma de descubrimentos, avistamentos, fotografías, ... especialmente a Simón Bellas, que medrou en coñecementos ao meu lado pero que hoxe sabe moito máis que esta bióloga que hai vinte anos o enganhou nas actividades do clube de educación ambiental Chuvieira, e xunto a el o seu irmá Gabriel, a súa capacidade de observación me segue asombrando en cada saída que facemos. E por suposto a Begoña Balsa, a miña compañeira de aventuras nas miñas locuras medio ambientais, e unha das mellores contadoras de historias e lendas que coñezo.

E tamén á miña irmá Rosa Ruán, que sempre lle pon imaxe en forma de debuxo ás ideas que pasan pola miña cabeciña; e miña afillada Ana Medín, que lle deu forma e calidade aos deseños que tiña na miña mente

Por último agradecer a aportación económica da Deputación da Coruña coa que sempre puido contar Néboa Medio Ambiente para sacar adiante os seus soños, e digo soños porque calquera dos nosos proxectos son soñados, ideados e mimados antes de levalos a cabo.

M^a José Ruán Serantes, directora de Néboa Medio Ambiente, eucadora ambiental e mestra de primaria

Para comezar, algunhas xeneralidades sobre as aves

As aves son animais vertebrados cunhas características comúns presentes en todos os individuos do grupo:


- Son **animais adaptados a voar** e por iso teñen as extremidades anteriores en forma de ás e os ósos ocos e lixeiros para reducir peso no aire.
- Teñen o **corpo cuberto de plumas**, plumas diferentes segundo a súa función na parte do corpo na que estean.
- Todas presentan **peteiro**, con formas diferentes segundo o seu tipo de alimentación.
- Son **animais ovíparos**, nacen de ovos.

A simple observación de fotografías de aves e a comprobación de cada unha destas características xa pode ser unha actividade interesante para facer, sobre todo cos máis pequenos, os nenos e nenas en idades de infantil ou de primeiro e segundo de primaria: ver na foto as ás dunha ave e preguntarnos se esa ave pode ou non voar, ver as cores da plumaxe nas distintas partes do corpo, observar a forma do peteiro ou investigar sobre o número de ovos que pon unha ave femia en cada posta.





Como é o corpo das aves?

Hai **aves de moitos tamaños e formas, todas adaptadas á vida nun entorno cunhas características concretas**, unas con patas curtas porque pasan moito tempo no aire e outras con patas longas porque bien buscando alimento no fondo dun lago ou no fondo do mar, outras con peteiros curtos e afiados para cazar insectos e outras con peteiros longos e fortes cos que poder excavar na madeira dunha árbores, unhas con ás longas e estreitas e outras con ás curtas que moven a máis ou menos velocidade. Os ornitólogos empregan moitas palabras para describir o corpo das aves, quizáis as imaxes seguintes poidan resultar de interese para alguén, pero evidentemente, traballalas con máis ou menor profundidade vai depender dos intereses de cada un. Coñecer os nomes dalgunhas partes do corpo pode axudar na identificación da ave, coñecer o tipo de plumas pode ser de interese para aqueles afeccionados ás coleccións, e fixarse na forma dos peteiros sempre nos vai dar pistas sobre a alimentación, e por tanto do hábitat, dunha ave.



Son todas as plumas iguais?

As plumas son unha das características das aves máis evidente, basta botar un ollo a as ás de calquera ave para darnos conta de que nelas podemos atopar distintos tipos de plumas, con distintos tamaños e incluso formas, segundo a función que teñan encomendada. As plumas das aves teñen a función de protexer e aillar do frío e a humidade o corpo das aves, contribúen ao vó xunto con outras adaptacións no corpo das aves, e tamén axudan na comunicación e a defensa.



As plumas das aves poden cambiar de cor entre individuos xoves e individuos adultos, entre aves macho e aves femia co fin de atraer unha parella, defender un territorio ou disimular a presenza do animal no seu entorno. É o caso das plumas da cabeza dun parrulo común polo fin do inverno, que adquire unha coloración verde metalizada sumamente brillante co fin de atraer unha femia coa que formar parella e ter descendencia, ou o caso dunha gaivota chorona macho que adorna a súa cabeza dun marrón intenso para gustarlle ás femias polo inicio da primavera, e sen embargo amosa unha cabeza branca cunha lixeira manchiña escura na meixela o resto do ano.



Polo tamaño e as cores, hai plumas doadas de distinguir e asociar cunha especie de ave concreta; no noso entorno quizáis estas dúas sexan das máis doadas:



As plumas azuis e negras dunha pega marzá
(40-57 mm de longo)




As plumas negras con manchiñas brancas redondeadas do peto común
(84 a 94 mm de longo)

As formas das ás das aves tamén están relacionadas co seu hábitat e o seu xeito de vida:

As gaivotas por exemplo, pasan case todo o tempo no aire e teñen ás longas e estreitas, os vencellos empregan as súas ás puntiagudas para voar como unha frecha á caza de insectos.

As aves pouco voadoras e as que cazan nos bosques adoitan ter ás curtas e redondeadas coas que poder esquivar os obstáculos.

Segundo a pluma, a cantidade e a distribución, podemos obter datos sobre a especie ou grupo a que pertence, o terreo no que habita unha ave, e algunhas características individuais como poden ser o sexo, a idade, ou o comportamento da ave en cuestión.



Na maioría dos casos, a xente afeccionada a observar aves, identifican moitas especies fixándose na cor da súa plumaxe primeiro que nada, os machos adoitan ter cores máis rechamantes e atractivos que as femias ou os individuos máis noviños da súa especie. Pouco despois de abandonar o niño no que nacen, as aves tiran a súa plumaxe xuvenil para cubrirse cos plumaxe propia dos adultos da súa especie, aínda que nas gaivotas por exemplo este proceso dura tres ou catro anos.


Tamén é frecuente que no final do ano, despois de desgastar voando as plumas que cubren o corpo das aves, as aves cambien as súas plumas por outras máis novas.

Para aprender a identificar as plumas máis habituais na Península Ibérica vos recomendamos as guías desplegables da editorial Tundra, sinxelas e moi visuais.



Entón ... a forma do peteiro depende do que come unha ave?

Sí, o tipo de peteiro que ten cada ave está adaptado ao alimento máis habitual no espazo natural no que se moven as aves con máis frecuencia.



As aves granívoras, coma por exemplo os pimpíns, teñen un peteiro forte adaptado para triturar sementes. As aves rapaces poseen peteiros fortes e curvos axeitados para desgarrar a carne. Os peteiros longos das aves limícolas coma por exemplo as garzas ou os mazaricos lles permiten capturar animais que viven enterrados no barro. As aves insectívoras empregan o seu peteiro delgado e puntiagudo a xeito de pinzas para atrapar os insectos dos que se alimentan.

Pero hai aves que cambian cada certo tempo o seu lugar de estancia...

Si, por suposto, non esquezamos que a maioría das aves teñen a capacidade de voar e por tanto poden desplazarse duns espazos a outros; e precisamente eses desplazamentos son unha maneira máis de adaptarse ao medio natural, vivindo un tempo nun espacio mentras as condicións climatolóxicas son axeitadas e o alimento é abundante, e movéndose a outros lugares cando cambia a estación e por tanto o clima, e/ou diminúe a presenza dos seu principal alimento. Pero cambian de lugar, non de ecosistema, é dicir, cando as aves migran van a outro lugar buscando un espacio de vida semellante, unhas aves buscan os ríos para vivir, outras buscan lagoas, hainas que viven nos bosques,

As migracións poden supoñer grandes distancias, coma por exemplo dende o norte de Europa a España ou dende España a África, ou cubrir distancias máis pequenas.

Cada ano coa chegada da primavera, chegan á nosa contorna as aves migradoras: bubelas, rulas, andoriñas, e outras comezan a verse polos campos e a voz do cuco anuncia a chegada do bo tempo. O aumento das horas de luz ven acompañado dunha explosión de vida en forma de insectos e todo tipo de alimento para as aves explica a presenza das aves migradoras dende a primavera ata o final do verán. Nesta época collen o relevo unha morea de aves mariñas que pasaron o verán no norte de Europa e van quedar por Galicia ata o remate do inverno. Ademais, milleiros de aves van pasar pola nosa zona camiño dos seus lugares de residencia.

Os ornitólogos lle chaman "o paso" aos meses de setembro e marzo, que é cando as aves que pasaron o inverno no norte de Europa escapando da calor de África, volven á paisaxe africana; e ao revés en marzo, e cando moreas de aves pasan pola nosa terra no seu camiño de migración, para descansar e alimentarse e así recuperar forzas para poder continuar as súas viaxes.



Tampouco esquezamos que unha especie dunha ave con frecuencia vai aparecer nun espacio natural cunhas determinadas características, ou sexa, que o normal é que cada especie estea presente nun determinado hábitat, como poden ser a costa no caso dunha gaivota ou un río no caso dun martiño peixeiro. Pero ás veces as aves non son tan estrictas e podemos atopar por exemplo gaivotas ou corvos mariños terra adentro.



Como podemos comezar iniciarnos na observación de aves?

Para iniciar a nenos e nenas de primaria no mundo da ornitoloXía precisamos dun mínimo equipo de observación, que pode ser un simple par de prismáticos, e se podemos contar cun telescopio xa sería perfecto. Para realizar actividades de observación con escolares podemos animalos a traer os seus prismáticos, propios ou prestados por algún amigo ou familiar. Na comarca ao mellor existen grupos naturalistas como a SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) que poden aportar monitores que guíen unha observación de aves, e incluso prestar algún material de observación coma un telescopio.

Trátase de iniciarse e por tanto a idea é máis de aprender a observar que de identificar especies concretas de aves.

O primeiro é elixir ben os primeiros lugares para observar, lugares onde poder situarse o máis cómodos posible para adicar un tempo exclusivamente a observar. Este lugar pode ser un xardín, unha horta, un parque próximo ou un espacio natural cercano ao que voltar cada certo tempo ao longo do ano para detectar a variedade de especies segundo as distintas estación do ano. Se vivides cerca dunha praia ou unha lagoa costeiro, ahí tedes un sitio magnífico cheo de biodiversidade para investigar, a beira dun río tamén pode ser un bon sitio, ou un bosque cercano.

Para observar empregaremos:

1º A vista, os paxaros a observar hai que localizalos primeiro a simple vista e observar todas as características posibles (cor do corpo, das ás, da cola, tamaño, forma do peteiro; ...); non esquezades que a vista se entrena, e a base de buscar aves, os ollos se acostuman a ver e localizar aves.

2º Enfocar empregando prismáticos para o cal é importante que os observadores estean suficientemente cómodos como para poder manter en alto os prismáticos un pedazo, para iso poden tumbarse no chan, sentarse ou permanecer de pé pero apoiados contra unha árbore, o ideal é poder apoiar os codos para soste os prismáticos con seguridade; o manexo dos prismáticos precisa dun tempinho e de paciencia para aprender a enfocar, ...

3º Empregando os prismáticos a idea é enfocar aves que permanezan un pouco quietas, as garzas e garzotas, os parrulos, as gaivotas e os corvos mariños, e escapar dos paxariños máis pequenos e inquedos aos que é difícil seguir e sobre todo enfocar porque axiña cambian de posición sen dar sequera tempo a enfocalas. As aves mariñas e as aves limícolas que buscan alimento entre os lodos e as areas da beiramar, son quizáis as máis sinxelas para comezar polos seu tamaño e polos seus movementos pausados, e os paxaros son sen dúbida os máis difíciles de detectar a simple vista ou de seguir cando enfocamos cun par de prismáticos


4º As observacións, con ou sen prismáticos, poden ir acompañadas dalgún tipo de anotación e/ou debuxo nunha libreta de campo, e do emprego de guías de identificación nas que localizar as aves a observar.

Se a ctividade se realiza no xardín da casa de cada un, no xardín dun centro escolar, ou nas inmediacións da escola, pode resultar de interese o emprego de vivacs nos que agocharse para observar, ou a colocación de comedeiros que atraian os paxaros.

A observación de aves require de práctica e de interese pola lectura de guías e manuais sobre aves, polo seguimento de páxinas web ou blogs relacionados coas aves.

Para comezar vos aconsellamos:

- As guías de aves de Galicia da editorial Bahía
- O blogue do ornitólogo Xabi Prieto denominado " Bichos e demais familia" (<https://bichosedemaifamilia.blogspot.com/>)
- A páxina web da SEO Birdlife (Sociedade Española de Ornitología). <https://seo.org>
- O libro "Cuando ver aves en Galicia" de Antonio Sandoval Rey e Cosme Damián Romay Cousido, na editorial Tundra, ofrécevos varias ideas para facer observación de aves mes a mes.



Precisamente dese libro de Antonio Sandoval, no que fai un repaso dos espazos galegos máis interesantes a visitar mes a mes, extraemos algunhas ideas recopiladas que poden guiar as observacións nos inicios de calquera persoa interesada en iniciarse mínimamente na ornitloxía:

- Xaneiro é mes de retorno das cegoñas brancas ás terras de Lugo e Ourense principalmente; paseando polos xardíns é doado observar **gorrións, estorniños, pombos torcaces, paporrubios, carrizos, ferreiriños común, pegas e lavandeiras brancas** coa axuda dunha guía de aves ilustrada, calquera neno ou adulto pode comezar a distinguilos a simple vista.
- Febreiro pode ser tempo de chegada das primeiras andoriñas, e nos cantís costeiros podemos observar xa os **corvos mariños cristados** ocupados nunha nova época de cría. Tamén é boa época para observar **cullereiros** en rías tranquilas coma as de Ortigueira, O Grove ou Sanxenxo.
- Marzo é tempo de retorno dende África dos **cucos, os miñatos queimados, avións, andoriñas, lavandeiras verdeais**, E comezan a nacer os primeiros polos, por exemplo as **crías dos merlos ou os parruliños dos lavancos reais**. Paseando polos bosques é doado escoitar o son dos **petos reais ou verdeais** petando co seu forte peteiro nalgún tronco en busca de gusanos ou facendo o furado para o seu niño.
- Abril, e tamén maio, son meses de chegada de **vencellos, andoriñas e andoriñas de cú brando**, con paciencia e un pouco de observación coa axuda dunha guía, son doados de diferenciar. As **agullas, os pilros e as píllaras** paran a descansar nos nosos humedais, da súa viaxe ao norte. As píllaras contan cun plan especial de protección en moitos areais galegos do que vos animamos a informarnos máis como exemplo de colaboración na conservación do medio natural galego (máis información en <https://seo.org/ave/chorlitejo-patinegro/>).
- Maio é un mes marabilloso para pasear polos bosques galegos pola mañanciña ou á tardiña, e escoitar a algarabía da multitude de paxaros que reciben ou despiden o día, e incluso os montes cubertos de toxos, no medio deles é doado atopar **carrizos, papuxas, chascas**, ...
- Os meses de verán son ideais para pasar polas beiras sombreadas dos ríos e as lagoas, nas súas augas podemos observar **merlos rieiros, lavandeiras amarelas ou martiños peixeiros** voando a toda velocidade por enriba da auga.



- En xullo pódese observar o paso das pardelas dende cabos como o de Estaca de Bares na provincia da Coruña. Nos bosques é a época de observar as **estrelas riscadas** e nas lagoas os **lavancos reais**, que perden as vistosas plumas verdes que luciron dende o remate do inverno.
- Agosto é o tempo de observar andoriñas e vencellos comúns; iníciase o paso de aves hacia o Sur, nos cabos é doado observar os **carráns** ou a **pardela pichoneta**.
- Setembro pode ser bo momento para observar **garzas** en calquera dos humidaís galegos, vanse **as andoriñas, os avións e os vencellos**.
- Nos bosques galegos, e incluso nalgunhas hortas, dende outubro a novembro é bo momento para ir en busca de **piquelos azuis, ferreiriños subeliños, pimpíns e pegas marzás**.
- Novembro é boa época para buscar nas pólas das árbores **ferreiriños comúns, ferreiriños subeliños e estrelas riscadas**. Tamén para achegarse a algún dos cabos galegos para seguir observando as migracións das aves mariñas, dende agora ata febreiro podemos ver o paso de **gaivotas tridáctilas e ananas, alcas, araos, colimbo**s; mentras van chegando polo mar hacia o interior de Galicia **pinzóns vulgares, xílgaros lúganos e zorzais común**.
- En decembro podemos observar grandes grupos de **mergullóns** nos portos de Maniños (Fene) e de Rianxo; as **águas peixeiras** invernantes xa se van instalando nos seus humidaís favoritos (Ribadeo, Betanzos, Cecebre) e os **martíños peixeiros** convirten neste mes o litoral na súa casa de inverno.



As aves non sempre se deixan ver, e inflúe moito a hora do día, o amencer e a tardiña soen ser as mellores horas de observación, pero moitas veces basta buscar indicios da súa presenza:

recoller plumas, observar niños e ovos tirados, observar pegadas na area da praia ou na beira dun río, escoitar os seus cantos.

A recolección de plumas, a recollida de pegadas ben debuxándoas nun bloc, ben afotadas cunha cámara ou cun móvil, ou a recopilación de indicadores da presenza de certas aves (restos de comida, niños abandonados, ...) poden ser outras actividades complementarias que se desenvolvan no transcurso da observación.



E polos ovos, os niños e os cantos podemos distinguir unha aves?

Ás veces si; en primeiro lugar hai que ter en conta que nunca debemos coller un niño dunha árbore e moito menos coller os ovos que poida haber no seu interior, outra cousa é observar niños ou ovos tirados no chan.

Os niños das aves poden estar fabricados de **distintos materiais**, como follas, herbas, brións, poliñas de árbores e arbustos, plumas, pelo del propio de animais, etc. Ás veces chegan a empregar materiais artificiais coma pequenas tiras de plástico, cordas ou fíos, que atopan na súa contorna. Incluso aves coma as andoriñas **recolectan barro** e constrúen unhas **estructuras moi resistentes** moitas veces baixo os tellados das casas dos seres humanos, que as utilizan por **varios anos consecutivos**, **facendo incluso pequenas reparación que manteñan os seus niños en bon estado**.

A forma dos niños pode darnos información sobre a ave que o fixo, de feito podemos distinguir varios tipos de niños:

- Niños de cavidade, que se fabrican aproveitando grietas de paredes en edificios, ocos de árbores ou cantís; son os niños dos bufos, as pombas, os petos ou os ferreiriños.



- Niños de copa, os máis habituais, normalmente en arbustos, edificios, árbores e incluso, en depresións de terra ou area. Soen ter unha base de poliñas de árbores e un interior acolchado con plumas, herbas o pelo de animal. Son os niños das lavandeiras, dos merlos ou das píllaras.



- Niños colgantes, caracterízanse porque colgan de pólas flexibles, de enredadeiras e baixo os aleros das casas, e soen ter forma de bolsa. Móvense co vento, o cal complica o ataque de claquera posible depredador; son os niños dos oureoles ou as andoriñas.



- Niños de plataforma, construídos enriba de árbores, edificios e estruturas de grande altura; son os niños das garzas, as cegoñas ou os falcóns. Garanten a protección ante animais perigosos.



- Niños de madrigueira, excavados na terra, a xeito de túneles con entradas e saídas; son os niños das estreliñas riscadas ou os martiños peixeiros.



- Niños de montículo, fabricados en montículos de terra empregando materiais como follas, paus ou pedras. Son os niños dos faisáns, os pavos ou os cisnes.





- Niños en forma de esfera, case completamente pechada, só cun pequeno orificio que serve de entrada e saída; é o niño que empregan por exemplo os carrizos.



Se hai variedade de niños, imaxinádevos a variedade de ovos, hainos de todo tipo de tamaños e cores. Para aprender máis sobre niños e ovos vos aconsellamos:

- As guías desplegables de Tundra sobre niños e ovos



Os cantos e reclamos das aves son outra maneira de poder identificalas, hai sons inconfundibles, podedes comezar polos máis sinxelos, o canto dun paporrubio no outono, o trino dun merlo cando sae voando asustado ou sorprendido por algo, o son chas-chas que lle dá nome á chasca, ou o pim-pín que emite un pimpín. Para comezar a distinguir algún canto podedes recorrer á guía de aves de Galicia da editorial Bahía que inclúe un mini-cd cos cantos das aves máis frecuentes na contorna, ou a numerosas páxinas de Internet, por exemplo na páxina web da SEO Birdlife ou en apego.gal ([HTTP://apego.gal/wp-content/uploads/2020/04/Bits-pantalla-animais-aves.pdf](http://apego.gal/wp-content/uploads/2020/04/Bits-pantalla-animais-aves.pdf)).

E se nos axudamos de comedeiros para poder observar as aves?

Facer comedeiros para as aves do xardín ou da horta da casa, da escola, ou dun bosque ou parque cercanp, enchelos de comida e rechealos periódicamente, pode resultar moi motivador para calquera afeccionado á natureza, os mestres poden mobilizar un grupo de alumnos voluntarios que se encarguen de facelo durante todo o curso no xardín da escola, e nas casas podemos turnarnos os membros da familia para limpalos e rechealos; a simple presenza dun comedeiro ben cheíño de alimento vai facilitar notablemente a observación de aves durante os recreos dos nenos, con só ter dous pares de prismáticos a man cos que animar a os rapaces e rapazas da escola a observar os paxaros da súa contorna. Esta idea é ademáis transferible ás casas dos nosos alumnos, se viven en casas de campo, ou cando van visitar aos seus avós se viven na aldea.

Para facer comedeiros de aves hai multitude de posibilidades, a Néboa Medio Ambiente nos gustan especialmente os comedeiros elaborados con materiais de refugallo, por eso vos propoñemos catro ideas a partires de mallas de laranxas ou similares, a partires dunha botella plástica, a apartires dunha lata, ou cun simple fío ou pedazo de aramio.






Escollades o modelo que escollades debedes ter en conta varios consellos:

- Evitar o emprego de materiais que poidan resultar contaminantes para as aves, nos referimos a pegamentos fortes ou pinturas con compoñentes tóxicos.
- Encher os comedeiros con alpiste ou froitos secos, alimentos que non se degraden con facilidade ao estar expostos ao sol e o aire.
- Colocar os comedeiros relativamente agochados entre as pólas dunha árbore; e se é posible preto dunha caixa niño para animar a os paxaros a ocupar esa caixa niño.

Cales son as especies de aves máis doadas de observar?

Para coñecer un pouco máis algunhas das aves máis comúns en Galicia, incluímos a continuación unha pequena selección de aves cun par de reseñas que poden axudar a identificalas e coñecelas un pouco mellor.

Se vos interesa indagar nesta dirección, ademáis de guías de identificación das que xa vos falamos, incluímos un par de títulos de libros de recente publicación que dirixidos a nenos e principiantes no mundo da ornitoloxía poden axudar para afondar un poquiño máis nas vosas pesquisas:



ANDORIÑA

CARACTERÍSTICAS

- ▷ **NOME GALEGO:** Andoriña común
- ▷ **NOME CASTELÁ:** Golondrina común
- ▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Hirundo rustica*
- ▷ **DESCRIPCIÓN:**



Mide entre 17 e 21 cm. Ten o dorso de cor negra, o peito e o ventre son brancos e a fronte e a gorxa son rubias. É moi característico o seu rabo gallado con pequenas manchas brancas.

- ▷ **COSTUMES:**

É unha ave estival que inverna en África pero chega a Galicia coa primavera, pon os ovos de abril a xullo e cría dúas voladas que voan aos vinte días de nacer. Aliméntase de insectos que caza en pleno voo.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

CHASCA

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Chasca

▷ **NOME CASTELÁ:** Tarabilla

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Saxicola torquata*

▷ **DESCRICIÓN:**

Mide entre 11 e 13 cm. O macho en plumaxe nupcial ten o dorso marrón, o peito rubio, o ventre branco, a cabeza negra e un colar branco. No inverno as cores dos machos teñen menos intensidade. As femias e os inmaduros teñen cores marróns e un colar claro moito menos aparente. Especialmente característico é o seu canto, un “chas, chas” ao que debe o seu nome común.

▷ **COSTUMES:**

En Galicia é unha ave moi común, sedentaria. Soe facer o seu niño no chan, entre a vexetación máis baixa, e se alimenta de insectos, arañas, ...



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

CORVO MARIÑO

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** *Corvo mariño*

▷ **NOME CASTELÁ:** *Cuervo marino, cormorán*

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Phalacrocorax carbo*

▷ **DESCRICIÓN:**



Mide entre 77 e 95 cm. Ten a plumaxe completamente negra de reflexos cobrizos, cunha pequena mancha branca nas meixelas e, na época nupcial, outra na parte superior das patas. Especialmente característico é o seu longo peteiro, rematado en forma de gancho para facilitarlle a captura dos peixes dos que se alimenta, e tamén as súas fortes ás que bate de xeito continuo cando voa sobre a superficie do mar, ben alto, antes de tirarse en picado polas súas presas; é frecuente velo coas ás extendidas para secar ao sol despois dalgunhas das súas inmersiones debaixo da auga. Ten o pescozo ancho e voa con el encollido en forma de S.

▷ **COSTUMES:**

Aínda que se trata dunha ave mariña é doado observalo nas lagoas costeiras, nos encoros e incluso voando río arriba nos ríos costeiros. En Galicia obsérvase dende abril a xullo como invernante e en paso.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Aves mariñas

GAIVOTA CHORONA

CARACTERÍSTICAS

- ▷ **NOME GALEGO:** *Gaivota chorona*
- ▷ **NOME CASTELÁ:** *Gaivota reidora*
- ▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Larus ridibundus*
- ▷ **DESCRICIÓN:**



Mide entre 34 e 39 cm. Ten o dorso e as ás de cor gris clara cun borde negro, o pescozo, o peito e o ventre blancos, e a cola negra. A cabeza no inverno é branca cunha lixeira mancha negra na meixela, e no verán a cabeza é marrón. O peteiro e as patas son vermellas..

▷ **COSTUMES:**

O seu nome tanto do galego coma do castelá indica o ruidosas que adoitan ser estas gaivotas. Fan o niño no chan en medio dos xuncos das marismas ou das lagoas costeiras. É unha ave moi común nas nosas costas, onde é doado observala en busca de peixes, cangrexos e moluscos, e incluso nas inmediacións dos contedores e vertedoiros de lixo.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Aves acuáticas

GARZA

CARACTERÍSTICAS

- ▷ **NOME GALEGO:** *Garza real*
- ▷ **NOME CASTELÁ:** *Garza real*
- ▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Ardea cinerea*
- ▷ **DESCRICIÓN:**



Mide entre 84 e 102 cm. Ten o dorso e as ás grises, a cabeza, o peito e o ventre son brancos. É característico o penacho de plumas negras na parte traseira da cabeza, o longo e forte peteiro que emprega para pescar, o longo pescozo que recolle en forma de S cando voa, e as longas patas coas que se despraza polas ribeiras costeiras en busca de alimento.

▷ **COSTUMES:**

É doado vela nas marismas costeiras, nas lagoas e os encoros e tamén río arriba; está especializada en comer presas grandes: munxes, anguía, e incluso polos de aves, ...e adoita facer o seu niño no alto das árbores, ou tamén no medio dos carrizos e os xuncos.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Aves de zonas húmidas

LAVANDEIRA BLANCA

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Lavandeira branca

▷ **NOME CASTELÁ:** Lavandera blanca

▷ **NOME CIENTÍFICO:** Motacilla alba

▷ **DESCRIPCIÓN:**

Mide entre 16 e 19 cm. Ten o dorso gris, ás a raias blancas e negras, e peito e ventre blancos. Os machos teñen un babeiro negro no verán que se reduce a un anel negro no inverno, e as femias teñen un babeiro negro todo o ano.

Teñen unha cola longa que moven continuamente para comunicarse entre si por enriba do ruído da auga.

▷ **COSTUMES:**

Viven todo o ano en Galicia e é doado atopalas incluso nas cidades. Aliméntase de insectos que captura en terra ou en voo, de pequenos moluscos e arácnidos.



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

LAVANDEIRA REAL

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Lavandeira real

▷ **NOME CASTELÁ:** Lavandera cascadeña

▷ **NOME CIENTÍFICO:** Motacilla cinerea

▷ **DESCRICIÓN:**

Mide entre 17 e 20 cm. Os machos teñen o dorso gris e o peito e o ventre amarelos, ás a raias brancas e negras, e un badeiro branco no inverno e negro no verán. As femias teñen o badeiro e o ventre brancos.

Teñen unha cola longa que moven continuamente para poder comunicarse entre si por enriba do ruído da auga.

▷ **COSTUMES:**

Vive todo o ano en Galicia pero tamén hai algún exemplares que nos visitan só no inverno. Podémola atopar nos ríos e regatos dende a beiramar ata a montaña onde se alimenta principalmente de insectos.

Cría entre marzo e outubro.



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

MARTIÑO PEIXEIRO

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Martiño peixeiro

▷ **NOME CASTELÁ:** Martín pescador

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Alcedo atthis*

▷ **DESCRICIÓN:**

Ten un tamaño entre os 17 e os 19 cm, co dorso azul e o ventre laranxa.

▷ **COSTUMES:**

Adoita pousar nas pólas cerca da auga dos ríos e tirarse delas para pescar, ou voar rápido a rentes da auga.

En Galicia vive todo o ano nos nosos ríos pero é pouco común, eso si, son territoriais e adoitan ocupar sempre os mesmos espazos. Aliméntase de peixiños e insectos acuáticos.

Cría entre abril e xuño.



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

MERLO

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Merlo

▷ **NOME CASTELÁ:** Mirlo

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Turdus merula*

▷ **DESCRIPCIÓN:**



Ten un tamaño entre os 23 e os 29cm, de cor negra nos machos, cun anel laranxa arredor dos ollos e o peteiro tamén laranxa, pero de cor parda no caso dos exemplares máis novos e as femias, e o peteiro pardo.

▷ **COSTUMES:**

É moi abundante en Galicia, onde pasa todo o ano. Adoita facer voos curtos de pouca altura e pousarse nas pólas das árbores co rabo levantado en continuo movemento, normalmente anda a saltos nas pólas e emite un fermoso e variado canto dende primeiras a últimas horas do día.

Podemos atopalo en campos, fragas, hortas e xardíns onde atopa os alimentos da súa dieta omnívora.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

PAPORRUBIO

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Paporrubio

▷ **NOME CASTELÁ:** Petirrojo

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Erithacus rubecula*

▷ **DESCRICIÓN:**

Tanto o macho como a femia se caracterizan pola cor rubia da cabeza, a gorxa e o peito, e o seu camiñar a pequenos saltiños, ademáis dun canto de fermosos e variados trinos.

▷ **COSTUMES:**

É un paxaro moi abundante en Galicia onde é sedentario con invernantes que veñen do occidente europeo e individuos de paso na primavera e o outono.

Cría dende mediados de marzo ata finais de xullo.

Aliméntase de invertebrados, bagas, ...



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Paxaros e semellantes

PARRULO

CARACTERÍSTICAS

- ▷ **NOME GALEGO:** *Parrulo, lavanco real*
- ▷ **NOME CASTELÁ:** *Ánade real, ánade azulón*
- ▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Anas platyrhynchos*
- ▷ **DESCRIPCIÓN:**



Mide entre 50 e 65 cm. O macho soe adornarse cunha cabeza de cor verde intensa na época nupcial, tonalidade que descende de intensidade fora da época de mocear. O peteiro é amarelo, o pescozo é marrón e o corpo gris cincento cunha mancha azulada no borde das ás. As femias adoitan ser pardas pero conservan a mancha azulada na beira das ás.

▷ **COSTUMES:**

É o parrulo máis común nas nosas costas, nas lagoas e tamén nos ríos. Na ría de Neda é moi abundante e durante o mes de decembro é cando máis número podemos observar porque aos exemplares sedentarios se suman os invernantes; despois en xaneiro adoitan emparellarse e irse pero é doado observar as femias acompañadas de arroladas de entre 7 e 16 parruliños.

Aliméntase de sementes, herbas, insectos, anfibios e moluscos.

TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Anátidas

PEGA

CARACTERÍSTICAS

▷ **NOME GALEGO:** Pega

▷ **NOME CASTELÁ:** Urraca

▷ **NOME CIENTÍFICO:** *Pica pica*

▷ **DESCRICIÓN:**

Mide entre 40 e 50 cm. É unha ave do grupo dos corvos, con plumaxe branca e negra, un peteiro negro similar ao dos corvos e unha longa cola negra.

▷ **COSTUMES:**

É moi doado vela nas terras de cultivo, os campos abertos e os parques, onde adoita camiñar a saltos en busca de alimento (insectos, miñocas, bagas, froitas, anfibios, réptiles, ovos, ...). Emite un característico graznido que a identifica perfectamente.



TIPO: Vertebrados

CLASE: Aves

Córvidos

E para aprender, nada mellor que un caderno de campo

O mellor amigo de calquera naturalista é o seu caderno de campo, por iso animar a calquera persoa que se estea no coñecemento das aves a anotar as súas observacións, e incluso a debuxar o que observa, pode ser unha actividade de grande interese e realmente motivadora. Por suposto, os cadernos dun naturalista son moi persoais e cada un anota o que considere; en xeral calquera naturalista deixa anotada a data de observación, o lugar onde atopa unha especie, e incluso as condicións climatolóxicas dese día; a continuación describe a ave que observou, sobre todo aquilo que máis lle chamou a atención, e logo fai un debuxo da ave tal e como a observou (con axuda dunha guía se o considera preciso). No caso das aves rapaces pode ser interesante deixar debuxada a silueta do animal observada en voo.



Tamén podemos aprender cousas sobre as aves xogando

Para aprender nomes de aves e comezar a distinguir algunhas do noso entorno galego vos propoñemos un memory no que a cativada teña que unir cada imaxe dunha ave co seu nome en galego; podedes descargar ese material da páxina web de Néboa Medio Ambiente no seguinte enderezo:

<http://www.neboamedioambiente.org>, ou solicitalo de xeito gratuito no correo electrónico da entidade: neboamedioambiente@neboa.org.

Tamén podedes descargar da páxina de Néboa Medio Ambiente un dominó con aves do entorno.



Outras entidades dispoñen tamén de materiais manipulativos adicados ás aves galegas, é o caso da asociación Rampla e o seu xogo de parellas, ou o xogo de cartas da SEO Birdlife



Hoxe en día e gracias ao mercado on line, empezamos a atopar xogos relacionados coa natureza, e en particular, xogos sobre aves. Moitos están en inglés ou alemán pero en español podemos citar este por exemplo:



As aves están presentes no noso medio natural pero tamén forman parte do noso patrimonio:

A festa da Candeloria

O Día das Candeas ou Día da Candeloria celébrase o 2 de febreiro, xusto na metade do inverno, no momento en que comezan a medrar os días e a natureza comeza a dar sinais da chegada da primavera coa aparición das primeiras froriñas(as violetas ou as prímulas), coa aparición das primeiras follas ou frores nalgúñas árbores, e tamén co retorno das aves migratorias.

O día 2 de febreiro, di a tradición galega que é o día que casan os paxariños, por esta data as aves comezan a buscar unha parella coa que reproducirse. Nesta época é habitual que os machos cortexen dalgunha maneira ás femias con cantos e cores que tamén anuncian a chegada da primavera.

O Día da Candeloria ten a súa orixe na festa celta do Imbolc, na cal os antigos celtas prendían fachos con lume para afastar as desgrazas e protexer as terras de cultivo. Como ocorreu con outras festas do calendario celta, a igrexa católica recolleu esta tradición e o costume de bendecir candeas na misa que se realizaba polo Día da Candeloria, candeas que logo se gardaban na casa como protección contra o mal tempo

Probablemente, esta mesma tradición, é a que está detrás do actual Día dos Namorados que se celebre polo 14 de febreiro, Día de San Valentín.



Unha morea de refráns recollen esta tradición:

A partir da Candelaria, ninguna ave voa soa.

Pola Candelaria casan os paxariños e máis a galiñola.

Polo santo Antón toda galiña pon. Pola Candelaria, a boa e a mala.

Se a Candelaria empola, medio inverno vai fora.

Pola Candelaria pon a pita vella e a nova.

Cando a Candelaria chora, medio inverno vai fóra, que chore, que deixe de chorar, a mitá do inverno está por pasar.

Se a Candelaria chora, o inverno xa vai fóra; se a Candelaria ri, o inverno está por vir, pero que ría ou que cante, hai inverno para atrás e para diante.

O día da Candelaria, si chora ou venta, inverno entra. E si non venta nin chora, inverno fóra.



Outro día para celebrar as aves, o Día Mundial das Aves

No calendario hai dous días especialmente adicados ás aves , un a primeiros de maio e outro no comezo de outubro; neses días conmemórase o Día Mundial das Aves Migratorias, son días de celebración que non teñen unha data fixa, sempre se celebran na segunda fin de semana de maio e de outubro, en consonancia coa migración das aves nos diferentes hemisferios da Terra.

No caso de Galicia o Día Mundial das Aves é un evento anual que se leva a cabo nos inicios de outubro porque nese momento prodúcese o paso de millóns de aves que criaron en Europa e se trasladan hacia os seus cuarteis de invernada africanos ou do sur de Europa., e ao revés na celebración de comezos de maio.

O Día Mundial das Aves Migratorias é unha conmemoración celebrada internacionalmente todos os anos dende 2006 no segundo sábado de maio e outubro, instituído polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente.

A conservación de especies migratorias da vida salvaxe é acordo internacional, que recoñece a necesidade de combinar os esforzos de todos os países que hospedan especies migratorias, garantindo a seguridade dos animais durante os seus movementos migratorio e a protección dos seus hábitats e espazos de reunión.

O principal obxectivo é a revivindicar a conservación das aves migratorias en todo o mundo, principalmente aquelas especies ameazadas ou en perigo de extinción.

Moitas entidades ecoloxistas conmemoran esta celebración, e a data pode ser unha magnífica excusa para participar nalgunha das actividades que adoitan propoñer nesas datas en calquera cidade, e unha magnífica excusa para coñecer o traballo de divulgación e conservación que fan as entidades ecoloxistas, por exemplo estas dúas, que vos animamos a coñecer pola súa longa traxectoria no mundo da ornitología :



FICHA INFORMATIVA:

A CANDELARIA, A TRADICIÓN GALEGA BEN ARRAIGADA